

Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 18 de febreiro de 2016

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allegue Aguete, Pilar
Aneiros Pereira, Jaime
Barreiro Carril, M^a Cruz
Fernández Acevedo, Rafael
Torres Pérez, Francisco

Arias Martínez, María Antonia
Bergareche Gros, Almudena
Comesaña Costas, Julio
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Carballo-Calero, Pablo
García Gestoso, Noemí
Ibáñez Paz, Regina
Mariño de Andrés, Ángel
Menéndez García, Pablo
Muleiro Parada, Luis Miguel
Ruiz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar

Jiménez Alemán, Aday
Montesinos Padilla, Carmen

Diéguez Rodríguez, José Miguel
Fernández García, Heitor
García Espadín, Desirée
González Fontán, Carla
López Troncoso, Tamara
Pino Suárez, Óscar
Ramírez Martínez, Mariana
Rivera González, Paula
Román Méndez, Sergio
Vázquez Fernández, Roberto

Castro Abreu, José Carlos de
García Freiría, Mónica
Rubianes Ferro, José Luis

Ramil Vázquez, Paula
Rivas Suanzas, María Fernanda

Excusan asistencia:

Fuenteseca Degeneffe, Margarita
Martínez Hens, Elena
Rodríguez Damián, Amparo
Tato Plaza, Anxo

O 18 de febreiro de 2016 ás 13:30 horas en segunda convocatoria, deu comezo a reunión da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, da variación das ratios nos obxetivos de calidade do Centro.
4. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa do TFG do Centro.
5. Aprobación, se procede, do Regulamento de Asignación de Taquillas do Centro.
6. Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Coordinación do Grao en Dereito.
7. Aprobación, se procede, da renovación de membros das Comisións do Centro.
8. Aprobación, se procede, da subsanación de erros nos horarios.
9. Aprobación, se procede, dos subsanación de erros nas datas de exame.

10. Aprobación, se procede, dos criterios para a composición das comisións que elaborarán táboas de recoñecementos automáticos entre diversas titulacións.

11. Debate e adopción de acordo, se procede, en relación coa Normativa de dedicación do profesorado e do recoñecemento de actividades docentes do PDI.

12. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

En relación coa Acta da sesión anterior (18 de febreiro de 2016) a secretaria indica que as profesoras Teresa Martínez Táboas e Margarita Fuenteseca Degeneffe non figuran na acta que se enviou aos membros da Xunta, cando si estiveron presentes, polo que propón a súa inclusión na referida acta.

Apróbase, por asentimento, coa inclusión referida.

2. Informes da Sra. Decana.

A Decana informa das seguintes cuestións:

- Concluíronse os traballos de pintura en tódolos bloques.
- Detectáronse incidencias debido ao temporal, en particular, filtracións de auga en determinados bloques e no corredor.
- Actualizouse a web da Facultade.
- Incorporouse o logo de calidade á imaxe da Facultade e á papelería, e na web da Universidade de Vigo aparece o Centro como “certificado FIDES-AUDIT”.

3. Aprobación, se procede, da variación das ratios nos obxetivos de calidade do Centro.

Apróbase, por asentimento, a variación das ratios nos obxetivos de calidade do Centro tal e como figura no documento que se acompaña como anexo ó Acta.

4. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa do TFG do Centro.

Apróbase, por asentimento, a modificación no artigo 6 da referida normativa, no seguinte sentido:

“ARTIGO 6: DA TITORIZACIÓN

1. A titorización consistirá en supervisar e orientar o/a estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de grao; así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a presentación e a defensa do mesmo. Todos os TFG terán

un/a titor/a académico.

2. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación do traballo fin de grao, consonte ao artigo 2.6 do regulamento para a realización do TFG aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 17 de xullo de 2015, forman parte das obrigas docentes do profesorado. A Universidade de Vigo establecerá a forma do seu recoñecemento.

3. Consonte ao anterior, os/as docentes a tempo completo que teñan a docencia maioritaria neste Centro ~~deberán ofertar e titorizarán preferentemente o número de~~ traballos necesarios para cubrir a ~~matrícula de TFG demanda do estudiantado matriculado no Centro.~~ En todo caso, todo o persoal docente que imparta docencia no Centro poderá titorizar ~~voluntariamente~~ TFG. ~~De ser necesario, os efectos de atender o número de matriculados no TFG, a Comisión poderá requirir a todos os profesores que titoricen TFG en proporción a docencia que impartan no centro.~~

~~A Comisión, que poderá delegar no/a vicedecano/a responsable, establecerá o número mínimo de traballos que cada profesor ou profesora debe titorizar, repartindo de xeito equitativo estas tarefas.~~

~~Aos efectos de facilitar o cumprimento do disposto neste apartado, de forma proporcional e equitativa entre os profesores que imparten docencia no centro, a Comisión de TFG solicitará, atendendo á previsión de matrícula, ás áreas ou Departamentos, según corresponda, o número de temas por TFG, en proporción á docencia efectiva que teñan encomendada nos Graos do Centro.~~

~~A execución do disposto neste apartado poderá ser delegada pola Comisión no vicedecano/a responsable.~~

4. Nos casos de baixa prolongada dalgún/unha titor/a, ou da súa desvinculación coa Universidade de Vigo, a Comisión de TFG, previa consulta ca área de pertenza do/atitor/a, asignará un/unha novo/a ao alumno/a afectado/a. En todo caso os/as profesores/as da área teñen a obriga de asumir a titorización do traballo.”

5. Aprobación, se procede, do Regulamento de Asignación de Taquillas do Centro.

Os alumnos en xeral manifestaron a súa oposición o Regulamento, que foi enviado aos membros da Xunta e se atopa na sede do Decanato. O desacordo céntrase no criterio proposto polo Decanato para a asignación de taquillas: o expediente académico, garantindo iso si, que o alumnado con necesidades especiais e que así o solicite poida dispor de taquilla. O alumno Roberto Fernández Vázquez puxo de manifesto, entre cousas, que o criterio proposto polo Decanato, discrimina, ao seu parecer, entre o alumnado da Titulación de RR.LL fronte ao alumnado da titulación de Dereito, debido as distintas notas de corte nas dúas titulacións. En xeral, os representantes do alumnado na Xunta propoñen a realización dun sorteo para a adxudicación de taquillas. O alumno Miguel Diéguez pide que se retire o punto da orde do día, entre outras razóns, porque lle parece que é un tema no que debería haber un maior consenso, e no seu defecto, pide aos membros da Xunta que voten en contra.

Sométese a votación o Regulamento, sendo o resultado: trece votos a favor, catorce votos en contra, cinco abstencións.

6. Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Coordinación do Grao en Dereito.

A Decana explica que se trata de modificar a composición da Comisión de Coordinación do Grao para incluír un representante do alumnado con voz pero sen voto, polo que non computa para o quórum. O alumno Miguel Diéguez agradece á coordinadora do Grao, Carmen Ruiz Hidalgo, e aos Decanatos deste Centro e da Facultade de Ourense, a súa boa disposición a acoller exactamente a proposta feita polo alumnado.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da renovación de membros das Comisións do Centro.

Apróbase, por asentimento, a renovación de membros das Comisións que quedan integradas como segue:

COMISIÓN PERMANENTE

Equipo Decanal

Ana María Pita Grandal
Pilar Allegue Agüete
Jaime Aneiros Pereira
Rafael Fernández Acevedo
Francisco J. Torres Pérez
M^a Cruz Barreiro Carril (Secretaria)

PDI

Julio Costas Comesaña (Área de Dereito mercantil)
Helena Martínez Hens (Área de Dereito Civil)
Almudena Bergareche Gros (Área de Dereito Constitucional)
Amparo Rodríguez Damián (Área de Linguaxes e Sistemas Informáticos)
Carmen Domínguez Rubira (Área de Psicoloxía Social)

PAS

María Nieves López Prieto
Paula Ramil Vázquez

Representantes de alumnos:

Mónica García Freiría (tercer ciclo)

* En relación con este punto, os representantes do alumnado solicitaron á Xunta autorización para comunicar ao Decanato os catro representantes de 1º e 2º ciclo na Comisión, autorización que foi concedida.

COMISIÓN DE CONVALIDACIÓNS E VALIDACIÓNS

PDI permanente

Ana María Pita Grandal (Área de Dereito Financiero e Tributario) (Presidenta)

Pilar Allegue (Área de Filosofía do Dereito)
Rafael Fernández Acevedo (Área de Dereito Administrativo)

Ángel Mariño de Andrés (Área de Dereito Civil)

PDI non Permanente
María Cruz Barreiro Carril (secretaria)

PAS
Nieves López Prieto

Alumnos
Alumnos de Dereito: Heitor Fernández García
Alumnos de RRL: Roberto Vázquez Fernández

COMISIÓN DE CALIDADE

- a) Decana: Ana María Pita Grandal
- b) Secretario/a da Comisión:
-Vicedecano de calidade: Francisco J. Torres Pérez
- c) Coord. Grado en Dereito: Carmen Ruiz Hidalgo
- d) Coord. Grado en RRL: Rafael Fernández Acevedo
- e) Coord. Master en Xestión Laboral: Emma Rodríguez Rodríguez
- f) Coord. Master en Dereito de Empresa: Luis M. Muleiro Parada
- g) Coord. Master en Menores: Helena Martínez Hens
- h) Coord. Master en Abogacía: M^a Antonia Arias Martínez
- i) Representantes da sociedade: Presidente do Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra (D. Raul E. Gómez Villaverde)
- j) Representante del PAS: Paula Ramil Vázquez
- k) 1 alumno de grado: Isabel Guerrero Gesteira
- l) 1 representante del estudiantado egresado: Isaac Borja Araújo Figueroa
- m) 1 representante de profesorado: Carmen Domínguez Rubira
- n) 1 representante de Máster: Alba López Rodríguez

COMISIÓN TFG

- a) Decana: Ana María Pita Grandal
- b) Coordinadora Grado Dereito: Carmen Ruiz Hidalgo
- c) Coordinador Grado RR.LL. y RR.HH.: Rafael Fernández Acevedo
- d) Profesora Dereito: Pilar Allegue Agüete
- e) Profesor RR.LL. e RR.HH.: Pilar Trigo Gómez
- f) Alumno de Dereito: Isabel Guerrero Gesteira
- g) Alumna de RRL: Roberto Vázquez Fernández
- h) PAS: D^a Mónica Zas Varela

COMISIÓN DE RELACIONES INTERNACIONAIS E INSTITUCIONAIS

A Decana: Ana María Pita Grandal
Secretaria e encargada de Relaciones Internacionais: M^a Cruz Barreiro Carril
Representante Erasmus para Relaciones Laborais: Regina Ibáñez Paz
Representante Erasmus para Dereito: Soraya Rodríguez Losada
Luis Muleiro Parada
Pablo Fernández Carballo-Calero
Pablo Grande Seara.
Alumnos de Dereito: Lía Docampo Dourado
Alumnos de RRL: Zulema Gil Vázquez

* En relación con esta Comisión a profesora García Gestoso fai constar que ela formaba parte da Comisión. A Decana di que a profesora García Gestoso pon dificultades para acudir ás Comisións ás que se lla convoca pero que se quere, pode seguir pertencendo. A profesora García Gestoso pide que conste

en acta a declaración da Decana sobre as dificultades referidas. A Decana pide tamén que conste en acta esta mesma declaración. A profesora García Gestoso pide que se verifique se pon ou non as referidas

dificultades e di que pensa que cuestións de conciliación lle parecen causas pertinentes. A profesora García Gestoso renuncia á súa pertenza á Comisión ante o rexeitamento que manifestan as verbas da Decana. Ademais pide que conste en acta a súa declaración de que se puxo obxeccións para asistir á Comisión, que o digan os membros da mesma, e non soamente a Decana.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE DOCENCIA

PDI permanente

Decana: Ana María Pita Grandal (Área de Dereito Financiero e Tributario)
Vicedecana de Profesorado: Pilar Allegue Agüete (Área de Filosofía do Dereito)
Departamento de Dereito Público: Esther Pillado González (Área de Dereito Procesual)
Departamento de Dereito Público Especial: Emma Rodríguez Rodríguez (Área de Dereito do Traballo)
Directora de Departamento de Dereito Privado: Julio Costas
Coordinadora do Grao de Dereito: Carmen Ruiz Hidalgo
Coordinadora de Grao de Relaciones Laborales: Rafael Fernández Acevedo
Coordinadora de Master: M^a Antonia Arias Martínez (Área de Dereito Administrativo)
PDI áreas no jurídicas
Carmen Domínguez Rubira
Pilar Trigo

PDI Non permanente

Francisco Torres Pérez
María Cruz Barreiro Carril (Secretaria)

PAS

Fernanda Rivas Suanzes
Paula Ramil Vázquez

Representantes Alumnos: Mónica García Freiría (tercer ciclo)

Alumnos de Dereito: Lía Docampo Dourado, Desirée García Espadín
Alumnos de RRL: Paula Rivera González, Roberto Vázquez Fernández

8. Aprobación, se procede, da subsanación de erros nos horarios.

A Decana cede a palabra ao Vicedecano Jaime Aneiros Pereira neste punto. O Vicedecano explica que o grupo C de prácticas de Dereito Internacional Privado débese mover á franxa horaria de 12:30 a 14:30 para permitir a asistencia a clases teóricas e prácticas no grupo A.

Apróbase, por asentimento, a referida subsanación.

9. Aprobación, se procede, dos subsanación de erros nas datas de exame.

A Decana cede a palabra ao Vicedecano Jaime Aneiros Pereira neste punto. O Vicedecano explica que debido á coincidencia de datas de exame, faise necesaria a fixación das seguintes datas alternativas (manténdose as datas oficiais), que foron fixadas co acordo do profesor responsable, nas seguintes materias:

- Fundamentos económicos de defensa da competencia: 4 de xullo
- Economía española: 5 de xullo
- Propiedade industrial: 27 de xuño
- Dereito concursal: 22 de xuño

- Dereito da Seguridade Social: 8 de xullo
- Interpretación financeira do Dereito Contable: 1 de xullo
- Tutela procesual do crédito: 4 de xullo

- Réxime fiscal da empresa: 18 de xullo
- Constitución económica: 30 de xuño

O alumno Miguel Diéguez pon de manifesto un problema de coincidencia nas datas dos exames de Dereito financeiro e tributario II (que por certo, aparece, como “Dereito financeiro e tributario I”) e Dereito Procesual Penal). Respecto deste problema, a Decana solicita aos membros da Xunta que se delegue no Decanato a verificación e coincidencia das datas e, no seu caso, a subsanación a través da fixación dunha data alternativa.

Apróbase, por asentimento a solicitude da Decana, así como as datas alternativas para as restantes materias.

10. Aprobación, se procede, dos criterios para a composición das comisións que elaborarán táboas de recoñecementos automáticos entre diversas titulacións.

A Decana explica que se trata das táboas de recoñecementos automáticos entre:

- Diplomatura de RR.LL-Grado en RR.LL (Plan novo).
- Licenciatura en Dereito- Grado Dereito (Plan novo).
- Grado en Dereito (Plan novo)Grado en RR.LL (Plan novo).
- Xestión e Administración Pública-Grado en Dereito. Neste caso, se trata de recoñecer materias cursadas en Xestión e Administración Pública por materias do Grado en Dereito.

O criterio para a composición das comisións é un so representante (por área ou Departamento, no caso de materias non xurídicas), que na medida do posible, actúe en varias Comisións, así como un representante da Delegación de Alumnos por cada unha das titulacións.

O representante do alumnado designa no momento da Xunta a Heitor Fernández García (Dereito) e a Roberto Vázquez Fernández (RR.LL) e a Decana di que na próxima semana o Decanato solicitará as Áreas ou Departamentos, según corresponda, que lle comuniquen o seu representante.

Apróbanse, os criterios, por asentimento.

11. Debate e adopción de acordo, se procede, en relación coa Normativa de dedicación do profesorado e do recoñecemento de actividades docentes do PDI.

A Decana da a palabra aos membros da Xunta para que expoñan o seu parecer sobre o tema.

A profesora Carmen Ruiz, como directora do Departamento de Dereito Público Especial, di que lle parece que a normativa non incentiva a involucrarse en cargos de xestión e propón un rexeitamento por parte dos membros da Xunta á mesma.

O alumno Miguel Diéguez pide desculpas porque no último Consello de Goberno no que se aprobou a normativa obxecto de debate tivo que ausentarse e cando se incorporou a normativa estíbale a someter a aprobación. Descoñecendo o obxecto da votación, abstívose da mesma. Pide desculpas por non ter estado suficientemente atento e ofrécese para, en vindeiras ocasións, oporse a este tipo de normativas.

A Decana agradece o ofrecemento do alumno e destaca que a normativa non afecta a tódolos centros por igual, senón especialmente, a Facultades como a nosa, de máis recente creación e con escasa consolidación do profesorado e súmase á petición da profa. Ruiz Hidalgo de manifestar o rexeitamento á normativa. A profa. García Gestoso súmase a todo o dito e engade que a normativa en cuestión xera moita inseguridade xurídica.

Tras un amplo debate, a Xunta de Facultade acordou, de forma unánime:

Rexeitar a Normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades docentes do PDI da Universidade de Vigo, aprobada en Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016. Sobre todo, por considerar que:

En primeiro lugar, a intensificación na labor docente á que parece conducir a dita Normativa afecta de xeito especial a este Centro debido, fundamentalmente, á insuficiente dotación de profesorado permanente en relación co número de alumnos e ás numerosas tarefas docentes e de xestión que ten que asumir o mesmo.

E en segundo lugar, a Normativa é discriminatoria, pois o mesmo traballo se recoñece de diferente xeito dependendo da situación profesional do profesorado, o cal é contrario ao principio de igualdade.

11. Rolda aberta de intervencións.

Non houbo intervencións.

Levántase a sesión ás 15.40 do que, como secretaria, dou fe.